ESCOLA GALEGA DE ADMINISTRACIÓN PÚBLICA

Resolución do 6 de outubro de 2009 pola que se convocan os foros sobre a directiva servizos e o incremento da competitividade: unha oportunidade para Portugal, España e Galicia.

Dentro do plan de actividades da Escola Galega de Administración Pública para o ano 2009 e de acordo coas funcións atribuídas pola Lei 4/1987, do 27 de maio, de creación da escola, e pola Lei 10/1989, do 10 de xullo, de modificación da anterior, convócanse os foros sobre a directiva servizos e o incremento da competitividade: unha oportunidade para Portugal, España e Galicia, conforme as seguintes bases:

1. Obxectivos:

Os devanditos foros teñen como obxecto informar sobre a significación, operatividade e efectos da directiva de servizos así como da normativa estatal de transposición daquela. En especial, destacarase o novo réxime xurídico da Administración en materia de autorizacións e licenzas, así como a liberalización da prestación dos servizos, e o impacto da directiva no funcionamento das entidades locais e nos colexios profesionais.

2. Contidos:

Serán tratados, entre outros, os seguintes temas:

-I Foro:

A directiva desde a perspectiva europea: liñas xerais e marco comparado.

A directiva servizos como instrumento de concreción do mercado único; en especial, o seu impacto nos contratos públicos.

A repercusión económica da directiva.

A repercusión da liberalización do sector da enerxía.

A transposición da directiva de servizos en Portugal.

A directiva de servizos desde a vertente da competencia.

-II Foro:

O desenvolvemento do portelo único en España.

O desenvolvemento do portelo único en Portugal.

Elaboración e principios da directiva de servizos.

A boa administración na directiva de servizos.

O procedemento administrativo na directiva de servizos.

O réxime autorizatorio nas administracións públicas tras a directiva de servizos.

A transposición da directiva nos entes locais.

-III Foro:

Encontro cos representantes da Administración, sectores sociais e profesionais afectados pola directiva.

Mesas redondas sobre o impacto da directiva de servizos nos colexios profesionais, na construción, informáticos, no turismo, no comercio, etc.

3. Destinatarios:

Persoal ao servizo da Administración pública galega.

4. Desenvolvemento:

Lugar: Escola Galega de Administración Pública (EGAP), rúa Madrid 2-4, Santiago de Compostela.

Datas:

I Foro: 15 e 16 de outubro.

II Foro: 5 e 6 de novembro.

III Foro: 19 e 20 de novembro.

Duración: 10 horas lectivas cada foro.

Horario:

1º día: mañá e tarde.

2º día: mañá.

5. Número de prazas:

Limitado pola capacidade do local.

6. Solicitudes:

-Tramitación de solicitudes: as solicitudes irán dirixidas ao director da Escola Galega de Administración Pública (polígono das Fontiñas, rúa Madrid 2-4, CP 15707, Santiago de Compostela), segundo o modelo que figura como anexo a esta convocatoria, e serán presentadas no Rexistro Xeral da EGAP, ou ben de calquera das formas previstas no artigo 38.4º da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común. Serán admitidas inscricións por medio de fax enviado ao número 981 54 63 30 ou por correo electrónico dirixido ao enderezo novas.egap@xunta.es.

-Inscricións fóra de prazo: só serán admitidas, de quedar prazas libres, coa condición de que cumpran os requisitos xerais antes indicados.

As persoas solicitantes poderán obter a confirmación da súa admisión se chaman por teléfono, das 8.30 ás 14.30 horas, aos seguintes números: 981 54 62 41-881 99 70 14.

7. Prazo:

O prazo de presentación de solicitudes finalizará:

-I Foro: o mércores 14 de outubro.

-II Foro: o mércores 4 de novembro.

-III Foro: o mércores 18 de novembro.

8. Modificacións:

A EGAP reserva para si a facultade de interpretar e de resolver as incidencias que poidan xurdir no desenvolvemento dos foros, así como a facultade de cancelalos se o escaso número de solicitudes non xustificase a súa realización.

9. Certificado de asistencia:

Será entregado un certificado de asistencia, ao final dos foros, a aquelas persoas inscritas que participasen asiduamente, e sempre que a súa asistencia sexa igual ou superior ao 85% das horas lectivas programadas. Neste documento aparecerán de forma expresa a natureza da actividade e a data de realización.

Santiago de Compostela, 6 de outubro de 2009.

Pablo Figueroa Dorrego
Director da Escola Galega de Administración Pública

Folla de inscrición

1. SOLICITANTE

Apelidos Nome DNI

2. DATOS PROFESIONAIS

Posto de traballo/profesión Corpo, subgrupo ou escala (1) Nivel (2)

Entidade na que presta servizos: (3)

Dirección do posto de traballo: rúa Nº Localidade Provincia CP Tfno.

Correo electrónico:

3. ACTIVIDADE SOLICITADA

Solicita asistir aos foros sobre a directiva de servizos e o incremento da competitividade: unha oportunidade para Portugal, España e Galicia que terán lugar na Escola Galega de Administración Pública (EGAP), rúa Madrid 2-4, polígono das Fontiñas, Santiago de Compostela, os días seguintes:

☐ I Foro: 15 e 16 de outubro

☐ II Foro: 5 e 6 de novembro

☐ III Foro: 19 e 20 de novembro

Sinatura,

....., ... de..... de 2009.

Os datos de carácter persoal contidos no impreso poderán ser incluídos nun ficheiro para o seu tratamento por este órgano administrativo, como titular responsable deste, no uso das funcións propias que teñen atribuídas e no ámbito das súas competencias. Así mesmo, infórmase da posibilidade de exercer os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición, todo isto de conformidade co disposto no artigo 5 da Lei orgánica 15/1999, de protección de datos de carácter persoal (BOE número 298, do 14 de decembro).

(1, 2 e 3): cubrir só en caso de ser funcionario ou funcionaria.

Director da EGAP. Polígono das Fontiñas, rúa Madrid 2-4, CP 15707, Santiago de Compostela (A Coruña)

IV. OPOSICIÓNS E CONCURSOS

CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA

Orde do 28 de setembro de 2009 pola que se resolve a convocatoria pública para a provisión, polo sistema de libre designación, dun posto de traballo vacante nesta consellería.

Convocada a provisión, polo sistema de libre designación, dun posto de traballo vacante na Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, mediante Orde do 24 de agosto de 2009 (DOG nº 172, do 2 de setembro), de conformidade co establecido nas bases quinta e sexta da referida orde, esta consellería

RESOLVE:

Primeiro.-Adxudicarlle destino no posto de traballo que se indica á funcionaria que se relaciona no anexo desta orde.

Segundo.-O cesamento no destino actual da funcionaria que obtivo praza producirase no prazo de tres días, contados a partir do seguinte ao da data de publicación desta orde no *Diario Oficial de Galicia*.

O prazo para a toma de posesión do novo destino será de tres días a partir do seguinte ao do cesament,o de tratarse da mesma localidade onde actualmente a funcionaria preste servizos, ou dun mes se